




culturagalega.org

Consello da Cultura Galega. www.consellodacultura.org
rual 8 / Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela. Galicia
Contacto: Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / e-mail: redaccion@culturagalega.org

Documento elaborado por Isaac Díaz Pardo explicando a filosofía do Laboratorio de Formas



O "LABORATORIO DE FORMAS", (L.F.)

Exilados galegos na Rep. Argentina (Dieste, Lorenzo Varela, Antonio Baltar, Blanco Amor, Lois Tobio, Núñez Búa, Cuadrado...) ao estudar a desfeita do ano 36 e considerar o que habería que facer ao voltar a Galiza, Luis Seoane e Díaz Pardo, recollendo as inqedanzas crean o Laboratorio de Formas, no que, xa en Galiza, incorpórase o arquitecto Andrés F. Albalat.

O L.F. ten unha filosofía configurativa, ademáis do coñecemento das experiencias que se teñen feito no mundo nas distintas escolas que tocaron o problema das formas. O L.F. pode decirse que inaugura un novo ángulo de ver o problema: as formas son unha linguaxe, a linguaxe das formas, e como todas as linguaxes teñen un eido, unha terra, ou unha circunstancia pola que pasaron e se desenvolveron. Trátase do étimo, de coñecer a raíz das cousas. Isto non impide a evolución, a búsqueda de novas ideas e a proxección no futuro. Hai que ter en conta que tradición que dizer traspazo, ven de transmitir.

Estas ideas non se xestaron para crear unha escola de configuración ou deseño, senon para que servisen de base ideolóxica socialmente comprometida cos problemas de Galiza pra se proxeitar en realidade tanxibles. Así foron proxectadas e naceron o Museo Carlos Maside, as Edicións do Castro, a recuperación de Sargadelos, o Semirario de Sargadelos, o apoio á protección do recinto histórico de Sargadelos que a petición do L.F. foi declarado Conxunto H-A, promoción á recuperación do Seminario de Estudos Galegos, o Instituto Galego de Información, e a creación dunha mancha de Galerías de Arte e de centros de investigación.

